

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16.

SESION EXTRAORDINARIA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Regades Fernández, David (grupo Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (grupo Socialista)
Piñeiro López, Ángel (grupo do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e tres de novembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros, iniciamos Pleno, sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe a esta hora, orde do día que obra en poder das señoras/señores concelleiros, ábrese sesión pública, se constata quórum e iniciamos co punto primeiro, sorteo de formación mesas electorais para as vindeiras Eleccións Xerais de conformidade co disposto na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral de Instrución da Xunta Electoral Central.

1(222).- SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e sete minutos, a fin de facer o sorteo da formación das mesas electorais para as vindeiras Eleccións Xerais, convocadas por RD número 977/2015, do 26 de outubro, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 257, do 27 de outubro de 2015.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán nove números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral.

No caso de que tal número non cumpra os requisitos de idade ou titulacións requirida será designado o número seguinte.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	175
1º VOCAL	9
2º VOCAL	7
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	98
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	180
1º VOCAL 1º SUPLENTE	370
1º VOCAL 2º SUPLENTE	520
2º VOCAL 1º SUPLENTE	610
2º VOCAL 2º SUPLENTE	650

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais. Acordar a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

2(223).- NOVA DENOMINACIÓN DA RÚA “VANESSA LAGE CARREIRA” PARA A ACTUAL TRAVESÍA DE JOSÉ ANTELA CONDE E A SÚA INCLUSIÓN NO RUEIRO. EXPTE. 14899/331 (REXISTRO PLENO 1268/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 16 de novembro de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto de delegación de Alcaldía e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura a competencia seguinte, entre outras:

“XV. a) 13. Elevar ao Pleno do Concello, en colaboración cos servizos de Cartografía, Estatística e de Normalización Lingüística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais, instruíndo, a estes efectos, os expedientes que correspondan.”

Polo exposto, visto o informe previo do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, proponse ao PLENO da Corporación o seguinte acordo:”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico, en sesión extraordinaria e urxente do día 19 de novembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres votos abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“A nova denominación da rúa “Vanessa Lage Carreira” para a actual Travesía José Antela Conde, con inicio na rúa José Antela Conde e remate na rúa Badajoz, así como a súa inclusión no rúeiro do Concello”.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.